

MEMORIA
GRUPO DE TRABAJO
02106084
(PFPP-02131056)

Traballando
pola
ubicuidade da
aprendizaxe

▪

CEIP Plurilingüe
Manuel Sueiro
Ourense

INDICE

- 1 CARACTERÍSTICAS DO CONTEXTO NO QUE SE DESENVOLVEU O SEMINARIO.
- 2 VARIACIÓNS INTRODUCIDAS RESPECTO DO PROXECTO INICIAL
- 3 CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS
 - 3.1 OBXECTIVOS PROPOSTOS
 - 3.2 OBXECTIVOS ACADADOS
- 4 CONTIDOS DESENVOLVIDOS E ACTIVIDADES REALIZADAS
 - 4.1 Contidos desenvolvidos
 - 4.2 Actividades realizadas
- 5 METODOLOXÍA
- 6 ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS.
- 7 TEMPORALIZACIÓN
- 8 CRITERIOS E PROCESOS DE AVALIACIÓN EMPREGADOS
 - 8.1 Avaliación conxunta.
 - 8.2 Avaliación individualizada.
- 9 CONCLUSIÓNS LOGROS E INCIDENCIAS NO CENTRO.
- 10 RELACIÓN DETALLADA DE MATERIAIS DIDÁCTICOS E DOCUMENTOS QUE SE ENTREGAN

1- CARACTERÍSTICAS DO CONTEXTO NO QUE SE DESENVOLVEU O SEMINARIO

No curso académico 2021/2022, no CEIP Manuel Sueiro, realizamos o Grupo de traballo “Traballando pola ubicuidade da aprendizaxe” para darlle continuidade ao Grupo de traballo realizado no curso escolar 2020/2021 “Preparándonos para aprendizaxe ubicua que impartiu o responsable na zona de Ourense de este proxecto da Consellería de Educación.

Dado o interese da temática, neste Grupo de traballo participaron once docentes, todos eles mestres dos niveis de 5º e 6º de Ed. Primaria así como o coordinador TIC do centro.

O Grupo de traballo comezou a súa actividade o 23/11/2021 rematando o 08/02/2022. Ao longo dos meses todos os compoñentes do grupo participamos nas reunións propostas, un deles, debido a estar de baixa, non certifica pero participou activamente no desenvolvemento do grupo de traballo. O resto dos compoñentes seguimos a temporalización inicial do proxecto.

No desenvolvemento das sesións, traballábamnos sobre a orde do día prevista e ao remate de cada unha delas, propúñanse tarefas para preparar a seguinte sesión.

A posta en práctica deste proxecto tivo como finalidade última **afondar** no proxecto E-DIXGAL con vistas a mellorar o seu uso o que redundará no bo funcionamento do centro, xa que estamos a dinamizar o emprego das TICs, implicando nesta dinamización a todos os sectores educativos, mellorando a calidade educativa.

2- VARIACIÓNS INTRODUCIDAS RESPECTO DO PROXECTO INICIAL

Non houbo variacións introducidas respecto ao proxecto inicial, cumprindo a temporalización establecida.

3 – CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

Decidimos dar continuidade ao traballo comezado fai dous anos sobre o proxecto Edixgal. Con este proxecto buscábamos integrar o uso das TICs no currículo de 5º e 6º de Ed. Primaria.

Con respecto aos obxectivos que nos propuxeramos inicialmente, sentímonos satisfeitos, e con ánimos para continuar con proxecto de formación no vindeiro curso.

3.1 OBXECTIVOS PROPOSTOS

- Afondar no coñecemento do modelo educativo asociado ó proxecto Edixgal.
- Afondar nas ferramentas propias do proxecto E-Dixgal, tanto hardware como software.
- Actualizar a aula virtual do centro.

3.2 OBXECTIVOS ACADADOS

Todos os obxectivos propostos foron acadados. As expectativas iniciais sobre o proxecto E-DIXGAL e o seu entorno virtual de aprendizaxe cubriron as nosas expectativas.

3.3 OBXECTIVOS NON ACADADOS

- ✓ Incidir en que se precisa continuidade nesta formación para afianzar os

coñecementos adquiridos sobre o funcionamento do EVA, sobre todo no referente ao proceso de configuración da avaliación do curso virtual e das tarefas.

4 – CONTIDOS REALIZADOS E ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

4.1 Contidos

- Recursos hardware e software asociados a E-Dixgal.
- Metodoloxías activas en base ao traballo con recursos dixitais.
- Moodle como recurso educativo.

4.2 Actividades

- ✓ A primeira actividade realizada foi a **elaboración do proxecto** deste Grupo de traballo, e que xurdiu despois de reflexionar profundamente sobre que aspectos considerábamos prioritarios para afondar no proxecto E-DIXGAL no noso centro, dándolle sentido ao proceso no que nos vimos inmersos dentro do proxecto TIC do centro.
- ✓ Non recibimos docencia directa, pero o coordinador do curso facilitounos a documentación oportuna en cada sesión para poder traballar os contidos propostas. Configuramos os cursos de todas as áreas de 5º e 6º de Educación Primaria restaurando o curso modelo elaborado polo equipo TIC do colexio.
- ✓ Para poder xestionar todo o traballo que íamos realizando no Grupo de traballo, utilizamos **a aula virtual** do noso centro. Creamos un curso onde colgamos todos os materiais utilizados e realizados no mesmo. O curso está dispoñible na web para quen queira visitalo, xa que se pode acceder a todos os contidos como convidado. O papel xogado por este curso en moodle foi moi importante no desenvolvemento do proxecto, xa que permitiu e favoreceu a coordinación de todos os membros do grupo, ao ofrecer un lugar onde atopar todo o material necesario para pór en práctica os contidos traballados.



<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuel sueiro/aulavirtual/course/view.php?id=159>

5 – METODOLOXÍA

Desenvolvemos unha metodoloxía práctica e participativa. Partimos de acordos verbais previos e exposicións de ideas.

As reunións celebráronse baixo un marco de diálogo e abertas a compartir experiencias de todos os membros do grupo.

Combinamos as sesións destinadas ao estudo e análise dos materiais ofrecidos na Aula Aberta Abalar, xunto con sesións prácticas para a experimentación no entorno EVA de prácticas, derivadas do coñecemento adquirido

6 – ORGANIZACIÓN DE RECURSOS EMPREGADOS E MATERIAIS

6.1 Persoais:

- Contamos co compromiso de colaboración de todos os seus membros.
- Tamén foi necesario o asesoramento dos membros do CFR. Responsable TIC do noso centro e o relator de curso de formación de EDIXGAL realizado no centro.

6.2 Materiais:

Foron precisos os seguintes recursos materiais:

- Ordenadores e canón proxector.
- Un encerado dixital interactivo.
- Memorias USB.
- Diverso material funxible: papel, cartolinas, ceras, pinturas, plásticos, cds, dvds... para por en práctica as sesións e actividades programadas co alumnado.
- Plastificadora, cámara de fotos, escáner...

7 – TEMPORALIZACIÓN

Seguimos a temporalización prevista no proxecto inicial e que foi a seguinte:

DATA	ACTIVIDADE	HORAS	LUGAR
23/11/2021	Estudio e reflexion sobre o proxecto	3	CEIP Manuel Sueiro
24/11/2021	Edición de recursos e actividades con moodle	3	CEIP Manuel Sueiro
30/11/2021	Software Edixgal.	3	CEIP Manuel Sueiro
14/12/2021	Epopotes e Samba	3	CEIP Manuel Sueiro
25/01/2022	Uso avanzado de Planeta e SmartClassroom	3	CEIP Manuel Sueiro
01/02/2022	Uso avanzado do cualificador	3	CEIP Manuel Sueiro
08/02/2022	Avaliación do Grupo de traballo. Memoria final. Curso na aula virtual do centro	2	CEIP Manuel Sueiro

8 – PROCESOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN EMPREGADOS

Como xa expuxemos anteriormente, a realización deste proxecto, de formación no centro, tivo para nós un balance moi positivo. Para a súa avaliación realizamos unha avaliación conxunta e outra individualizada

8.1 Avaliación conxunta.

Unha vez rematado o traballo, fixemos a valoración do funcionamento e organización do desenvolvemento do grupo de traballo:

- **O grao de participación e intercambio de experiencias** entre os compoñentes do grupo. Valoramos unanimemente dun xeito moi positivo este apartado xa que o grado de colaboración e participación de todos os membros foi moi alto na práctica totalidade das actividades propostas.

- **O seguimento e a adecuación da temporalización prevista.** Intentamos respectar os tempos establecidos para cada tema e a orde establecida na primeira reunión do grupo. O tempo de traballo en moitas das actividades que realizamos foi escaso, por exemplo, na 5º sesión “*Uso avanzado de Planeta. Uso avanzado de SmartClassroom*”. En canto á temporalización hai que dicir que a seguimos segundo o proposto no proxecto inicial.
- **O nivel de satisfacción** en relación ao coñecemento das ferramentas propias do proxecto E-DIXGAL, tanto hardware como software, así como ao de boas prácticas no entorno do proxecto E-DIXGAL consideramos que cubriu amplamente as nosas expectativas iniciais.

8.2 Avaliación individualizada.

Para a realización desta actividade cada un dos membros do equipo cubriu unha enquisa de xeito individualizado. **Resultados:**

ENQUISA SOBRE O FUNCIONAMENTO DO SEMINARIO			
<i>Valor das puntuacións para as preguntas da enquisa: MOI POUCO (1) / POUCO (2)/ SUFICIENTE (3 / BASTANTE (4) / MOITO (5)</i>			

I.- ÁMBITO INDIVIDUAL: repercusión no propio desenvolvemento persoal e profesional.

	BRANCO	MEDIA	MODA
O meu progreso no proceso formativo en relación co tema foi	0	5	5
O meu grao de satisfacción co traballo desenvolvido é	0	5	5
A formación acadada repercutiu no meu traballo diario	0	5	5
O compromiso coa miña propia formación foi	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5

II.- ÁMBITO GRUPAL: repercutiu na mellora da dinámica de traballo en grupo concretamente:

	BRANCO	MEDIA	MODA
Na mellora de toma de decisións consensuadas	0	5	5
No establecemento dun clima relacional positivo , gratificante	0	5	5
Na mellora de estratexias de traballo colaborativo	0	5	5

No compromiso co grupo	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5

III.- ÁMBITO INSTITUCIONAL: repercusión na mellora da educación que se imparte no centro.

	BRANCO	MEDIA	MODA
Os acordos e as conclusións obtidas vanse pondo en práctica	0	5	5
Axudou a establecer no centro dinámicas de reflexión e detección de ámbitos de mellora. de forma autónoma	0	5	5
As expectativas de mellora da calidade do ensino no centro, en relación co tema tratado, cumpríronse	0	5	5
Os obxectivos conseguíronse	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5

IV.- O ASESORAMENTO E APOIO POR PARTE DO CENTRO DE FORMACIÓN

	BRANCO	MEDIA	MODA
Deu resposta ás necesidades do grupo	0	5	5
As estratexias empregadas resultaron adecuadas	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5

V.- A DOCENCIA RECIBIDA *resultou*

	BRANCO	MEDIA	MODA
Adecuada para dar resposta ás necesidades do grupo	0	5	5
As estratexias empregadas resultaron adecuadas	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5

ORGANIZACIÓN

Debería mellorarse:
Ampliar a formación sobre o emprego de ferramentas de autor.
O que estivo ben foi:
Os contidos traballados. Facilitar os titoriais e documentación no curso da aula virtual.. A coordinación entre os membros do Grupo de Traballo. A coordinación coa Asesora do CFR de Ourense.

9- CONCLUSIÓN. LOGROS E INCIDENCIAS NO CENTRO

Despois de todo o manifestado ao longo desta memoria, só nos queda engadir que nos sentimos bastante orgullosos e satisfeitos do traballo realizado, pois consideramos que foi de moita utilidade para o desenvolvemento da nosa labor educativa futura, máxime tendo en conta á nova situación educativa que se espera nun futuro próximo.

Entendemos que a participación no proxecto E-DIXGAL vai xogar un papel importante na mellora do emprego das TICs no proceso de ensino e aprendizaxe e no funcionamento do centro, repercutindo de maneira importante na calidade educativa que estamos a ofrecer. Os mestres debemos seguir adquirindo confianza e dominio co traballo coas TIC para transmitir a nosa experiencia ao alumnado para ensinalos a usar as TAC para aprender.

O alumnado prefere traballar de forma interactiva, creativa e colaborativa tanto no aula como no domicilio, de forma que os seus traballos sexan máis reais e visibles, de aí a importancia que lle demos á participación neste proxecto co alumnado de 5º e 6º de Ed. primaria.

Por outra banda, a integración das TIC no ámbito educativo é un proceso individual que cada mestre ten que descubrir por si mesmo, procurando realizala sempre coa axuda de mestres xa experimentados.


Vistos os resultados acadados, para o próximo curso continuaremos dando forma a este grupo de traballo, dentro dun novo PFPP do centro, porque a pesar de que melloramos no coñecemento do EVA, debemos afianzar e afondar nos coñecementos adquiridos.

Non hai máis que ver a transformación física e funcional que segue a ter o noso centro nestes últimos anos para darse conta de que merece a pena o aventurarse nesta experiencia formativa de case todo o claustro de mestres do CEIP Manuel Sueiro.

10 - RELACIÓN DETALLADA DE MATERIAIS DIDÁCTICOS E DOCUMENTOS QUE SE ENVÍAN

Material en soporte informático

- Materiais elaborados. Non existe elaboración de materias didácticos xa que o desenvolvemento do grupo de traballo estivo destinado a experimentar no EVA de formación da Consellería coas aprendizaxes recibidas sobre o proxecto E-DIXGAL.
- Todo o traballo realizado ao longo do curso está reflectido na nosa aula virtual



nun curso que creamos para o Grupo de traballo.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelsueiro/aulavirtual/course/view.php?id=159>



En Ourense, a 06 de maio de 2022

Asdo: José Manuel Rego